



CONCELLO DE CHANTADA

BORRADOR DA ACTA DA CONCELLO PLENO

SESIÓN ORDINARIA

DÍA 7 DE SETEMBRO DO 2023

Exte. PLN/2023/11

ASISTENTES:	
Preside:	O Alcalde, don Manuel Lorenzo Varela Rodríguez
Concelleiros Asistentes:	
Grupo Municipal do PP	Don Manuel Lorenzo Varela Rodríguez Dona María Cándida Carnero Blanco Don Diego Otero Veiga Dona Pamela Fernández Águila Don Juan Alberto Diéguez Fernández Dona Belén López Caseiro
Grupo Municipal Por Chantada-CUP	Don Antóm Fente Parada Dona Cruz Fernández Rodríguez Dona Elena Fernández Montes Don Ibán Ratón Varela
Grupo Municipal do Ps de G.-PSOE	Don Mariano López Nieves Dona Elena Pavón Ramírez
Dá fe do acto:	
Secretario Acc.	Jesús Ledo Cores
Excusa ausencia:	Don Manuel Diéguez Carballo

No Salón de Actos da Casa da Cultura de Chantada, habilitado como Salón de Plenos municipais, ás vinte horas do día sete de setembro de dous mil vinte e tres, en primeira convocatoria, reúnen no Salón de Plenos Habilitado na Casa da Cultura de Chantada os membros do Concello Pleno relacionados, co obxecto de celebrar sesión ordinaria trasladada a esta data.

Comprobado o quorum de asistencia para a celebración do acto o Sr. Alcalde, que preside, abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os seguintes asuntos da

ORDE DO DÍA:

A) Parte Resolutiva:

1º.-Aprobación das Actas das sesións anteriores. Previamente á votación o Sr. Fente Parada quere deixar constancia en acta do improcedente do traslado da sesión ordinaria para esta data.

1.1.-Acta do 13 de xullo do 2023, extraordinaria organizativa.-Someteuse a aprobación a acta da sesión ordinaria organizativa, convocada ao abeiro do artigo 38 do ROF, celebrada o día 13 de xullo de 2023, que foi aprobada pola unanimidade dos membros da corporación presentes.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





CONCELLO DE CHANTADA

1.2.-Acta do 8 de agosto de 2023 de carácter extraordinario urgente.-Someteuse a aprobación a acta da sesión extraordinaria urgente do día 8 de agosto de 2023.-Déuselle aprobación pola unanimidade dos membros da corporación presentes á acta referenciada.

2º.-Moción do PS de G-PSOE sobre da situación sanitaria no Centro de Saúde de Chantada e os recortes na área sanitaria á que pertence.-Ditame da Comisión Informativa do día 4 de setembro de 2023. Deuse lectura á integridade da moción que textualmente é como segue:

“Con data de luns 12 de xuño de 2023, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada presentou un escrito ante o xerente da Área Sanitaria de Lugo, D. Ramón Ares Rico e ó Conselleiro de Sanidade, D. Julio García Comesaña; facendo unha serie de reclamacións sobre a situación e xestión sanitaria no noso concello.

Actualmente vivimos unha alarmante falta de persoal no Centro de Saúde a cal resulta preocupante para unha boa parte da poboación. Esta mingua de persoal repercute na calidade asistencial que se presta no Centro de Saúde e, asemade, aumenta a carga de traballo do servizo de atención continuada (PAC) xa que os e as doentes, ó non poder ser atendidos á mañá no servizo que lles correspondería no Centro de Saúde, optan por acudir ó servizo de urxencias con problemas que deberían ser solucionados polo seu médico de cupo; provocando así un problema a maiores, a sobrecarga das urxencias.

Non podemos esquecer tampouco que os chantadinos e as chantadinas tamén nos vemos afectados polos recortes de persoal no Hospital Comarcal de Monforte, o noso hospital de referencia. Por poñer un exemplo, actualmente atopámonos coa falta de servizo de médico dixestivo, médico rehabilitador, problemas pola falta tamén de persoal de enfermaría e a sobrecarga do personal en xeral polo peche dunha planta de hospitalización durante 3 meses e medio.

Os veciños e veciñas de Chantada tampouco somos subsidiarios do servizo de HADO (hospitalización a domicilio) que tan importante é para todos os doentes pero sobretudo aqueles que, por desgraza, precisan atención especializada de maneira frecuente ou crónica e que, no noso concello (a diferenza doutros da contorna que si contan con este servizo) están privados de podela recibir no seu domicilio. Os datos avalan a utilidade e necesidade da hospitalización a domicilio para o coidado de certos pacientes. Estímase que anualmente realízanse arredor de 1.000 visitas médicas, 2.500 de enfermaría e 500 consultas de atención telefónica con este servizo.

Ademais, existen estudos que analizan o custo de servizo, cuxo resultado indica que é menor o custo que supón un paciente de HADO que outro na mesma situación pero que se atope hospitalizado, polo que non só a parte humana e social apoia a necesidade deste servizo, tamén é convinte no que se refire ós termos económicos.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1) Que o Sr. Alcalde reclame á Consellería de Sanidade é ó xerente da Área de Lugo o seguinte:

a. A cobertura dos postos de persoal do centro de saúde que na actualidade están descubertos.

b. A dotación dun segundo equipo para o PAC.

c. A ampliación do servizo de HADO para que abrangan un territorio máis amplo e o noso concello tamén poida beneficiarse del.”

Intervencións:

O Sr. Alcalde, para manifestar que defende a idea da inexistencia de profesionais abondo na sanidade se ben alude a que se trata dunha cuestión estatal. Alude a xestións formuladas ante distintas institucións sanitarias polo seu grupo, aludindo á proliferación de baixas médicas neste sector.

A concelleira mocionante do PS de G-PSOE, Sra. Pavón Ramírez, en alusión ás baixas laborais defende que o motivo é a precariedade na contratación do personal sanitario manifestando que na sanidade privada non existe problema de falta de personal médico; segue defendendo o contido da moción.

A Concelleira de Por Chantada-IGV, Cruz Fernández Rodríguez, manifesta que hai contratos para os Centros de Saúde que non compensan e que existen diferentes modos de contratación en función da ubicación xeográfica do centro de atención sanitaria.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

A Concelleira Belén López Caseiro pon de manifesto que hai personal sanitario que ven doutras comunidades autónomas para Galicia e Pamela Fernández Águila manifesta que do personal que sae da universidade galega, quédase moi pouco a traballar nela.

Logo dun pequeno debate sobre do programa HADO no que interviron en defensa da súa posición tódolos grupos municipais, pasouse a ditamina-la moción que reflectiu o seguinte resultado

Votación:

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con reserva de voto para o pleno do Grupo Municipal do PP (3) e Grupo Municipal de Por Chantada-IGV (2), e co voto a favor do Grupo Municipal do PS de G-PSOE (1), ditamínase favorablemente para o pleno a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista. (...)

DEBATE PLENARIO:

Defende a moción o Concelleiro e voceiro do PS de G-PSOE, Sr. López Nieves, insistindo nos termos do contido da mesma centrando o debate nas carencias que se están a padecer no centro de saúde do Concello de Chantada.

O Sr. Fente Parada do grupo municipal Por Chantada-IGV intervén para manifestar que en tódalas lexislaturas, como nesta, se comeza coa presentación dunha moción relativa á sanidade que da a entender as carencias que ano a ano se están a padecer nos distintos servizos. Segue a dicir que o problema se está agudizando e cronificando e que se está a producir un desmantelamento continuado e progresivo dos servizos de saúde, facendo alusión á carencia de médicos no centro de saúde de Chantada, tendo en conta ademais a poboación deste Concello. Continúa dando datos estatísticos sobre dos investimentos de sanidade en edificacións e outros pero non en capital humano en forma de profesionais sanitarios. Remata dicindo que os servizos mais importantes que unha sociedade debe de prestar á cidadanía son a sanidade, a educación e as pensións.

O Sr. Alcalde intervén para manifestar que xa anunciou na Comisión Informativa que ían apoiar a moción, asumindo a parte de responsabilidade que no seu caso lle corresponda, informando á corporación das xestións e conversas que mantivo recentemente con distintos responsables dos servizos sanitarios a distintos niveis; continúa dicindo que é un sector no que non se habilitan dende hai moito tempo profesionais médicos a través das universidades. O noso grupo quere tamén esixir un cumprimento de mínimos e que se preste un servizo de calidade á cidadanía do Concello de Chantada, manifestando para rematar que é un problema que teñen outros concello e que nesta corporación hai 4 persoas empregadas en sanidade polo que se coñece ben a problemática.

Intervén a Concelleira do PP Sra. López Caseiro para manifestar que podemos facer presión dende o Concello, pero dende logo que non se trata dunha competencia municipal e que alomenos se nos debería de informar de como está a situación e das posibles solucións.

Cerra o debate o Concelleiro mocionante, Sr. López Nieves manifestando que nos deberíamos de centrar na problemática sanitaria que afecta a Chantada e non a outros Concello.

VOTACIÓN:

Rematado o debate pasouse á votación do ditame da Comisión Informativa que contén a moción presentada, que foi aprobada pola UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes, (12 votos), acordándose xa que logo o seguinte:

1) Reclamar á Consellería de Sanidade é ao xerente da Área de Lugo o seguinte:

a. A cobertura dos postos de persoal do centro de saúde que na actualidade están descubertos.

b. A dotación dun segundo equipo para o PAC.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

c. A ampliación do servizo de HADO para que abrangha un territorio máis amplo e o noso concello tamén poida beneficiarse del.

Mocións e asuntos de urxencia.-Formulada pregunta aos distintos grupos sobre da presentación de mocións con carácter de urxencia, manifestouse por cadanseu que non se formulan mocións con carácter de urxencia.

B) Actividade de control:

3.-Dación en conta de Resolucións da Alcaldía: Deuse conta das resolucións da Alcaldía seguintes: Comprendidas entre os números 2023-0243 do día 17/03/2023 e o 2023-0839 do día 30/08/2023.

4.-Dación en conta de reparos de intervención.-Deuse conta a través do expediente de Gestiona 370/2021 dos libros de reparos e de omisión de fiscalización Setembro/2023.

5.-Rogos e Preguntas.-Formuláronse as seguintes:

I.-Polo Grupo Municipal de Por Chantada-IGV:

1.-Barrio da Ponte.-Ponte sobre do Río Asma.-Alternativas para derivar a circulación nesa zona. Que se fixo ao respecto:

Resposta Sr. Alcalde.-Presentouse escrito por parte dun cidadán, reclamando sobre do mesmo e remitiuse á Deputación Provincial de Lugo, que non se pronunciou.

2.-Contrato Decreto 747.-Gasto de 4000 euros en contratación a unha empresa para medicións acústicas na zona de ocio nocturno do Concello; entendemos que como se adquiriu un sonómetro estas funcións poderíanse levar a cabo pola Policía Local.

Resposta Sr. Alcalde.-O Sonómetro co que conta a Policía Local non cumpre cos requisitos para facer estas labores de medición, xa que non ten homologación abondo. Refire proceso xudicial sobre dos ruídos que se producen na zona de ocio nocturno contra o Concello.

2.1.-Repregunta.-Adquiriuse hai pouco un sonómetro polo que entende debería de estar homologado.

Resposta.-Non vai a dar mais detalles sobre desta adquisición.

3.-Itinerarios peonís.-Accesibilidade.-Moción que tiña formulado o seu grupo coa lexislación actual sobre desta materia.-Pasaron meses e en moitos puntos da vila seguen a ser espazos polos que é moi difícil circular polas beirarrúas e rúas por mor de distintas ocupacións. Teñen pensado facer algunha ordenanza e dar solución a esta problemática, que compre moito.

Resposta.-Totalmente de acordo.

4.-Sobre das piscinas.-Reclamacións sobre dos cursos de natación das crianzas.-Solventáronse os problemas obxecto de reclamación.

Resposta do Concelleiro Sr. Otero Veiga.-A problemática xurdiu polo abultado número de matrículas e pola fórmula de dividir en quendas. Este ano mudaronse as quendas ampliando o espazo temporal para a realización dos cursos. Existe o handicap dos socorristas que ten un carácter limitativo.

5.-Carreira de obstáculos.-Parte do material é municipal.-Que teñen pensado facer con este material.

Resposta do Concelleiro Sr. Otero Veiga. O material está en poder do Concello.-Este ano, en base á decisión da organización, non é viable facer a carreira por mor da falla de

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

achegas por parte doutras administracións que tiñan colaborado noutras anualidades. Pensamos facer con ese material actividades cos rapaces.

Resposta da Concelleira López Caseiro.-Insiste no respostado polo Concelleiro Sr. Otero Veiga e apunta ao apoio do Concello á realización da proba e aposta porque se celebre o ano que ven

6.-SAF.-Existe un contrato de asesoramento para a contratación do SAF.-Privatízase o servizo e tamén o asesoramento.

Resposta do Sr. Alcalde.-Hai que sacar de novo a concurso o servizo e pediuse tanto para ise asesoramento como para outros asuntos como o da confección de ordenanzas.

6.1.-Repregunta. E a mesa de seguimento do contrato tense reunido:

Resposta.-Reuniuse duas ou tres veces

7.-Limpeza das Rúas.-Hai que facer algo a este respecto xa que en comparación con outras vilas de inferior entidade, están nunhas mellores condicións e pagan menos.

Resposta.-Neste eido recibe felicitacións, sobre todo de xente que nos visita.-Apunta a que se vai a facer outra licitación de cara ao 1 de xaneiro con outras condicións, pero que dende logo vai a saír mais caro. Despois das festas as rúas estaban regadas e limpas, cuestión que tamén entende que habería que facer mais a menudo.-Alude as malas condicións dunha capital galega visitada recentemente, en atención á que tamén é cuestión do comportamento da cidadanía.

7.2.-Habería que ter unha ordenanza e a quen incumpra, sancionalo, para o que existe un servizo de policía local.

8.-Madeira do Paseo.-Quere deixar constancia de que se atopa en mal estado. Compre tratamento.

Resposta do Sr. Alcalde.-Vímolo ónte pola tarde.-Compre a súa renovación total.

9.-Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.-Existencia de expedientes sancionadores contra o Concello, Pincelo, Nogueira e outros, de distintas cantidades.

Resposta do Sr. Alcalde.-Son expedientes por mor da existencia de traídas de auga sen autorización do caudal e outros, referido a estas parroquias, donde responsabilizan en parte ao concello por instalacións das traídas que atravesan dominio público. En Pincelo, solucionouse o abastecemento e estase a facer unha proba para fornecela utilizando enerxía solar. Tamén refire que estas sancións serán repercutidas aos veciños afectados.

10.-Accesos ao lugar de Randolfe. Estrada en moi mal estado que foi obxecto incluso dalgún atestado policial por danos. Esta mal dende hai 8 anos pero no estado actual 3 ou 4 anos.-Está prevista a reparación.

Sr. Alcalde: No ano 2019 estaba en boas condicións. Para o ano que ven farase un plan na que se incluírá.

11.-No lugar de Eiriz existen varias edificacións en estado de ruina, o seu valado de seguridade está moi deficiente e polo tanto ofrece perigo para os veciños. Habería que rectificalo e proceder executar o correspondente expediente de ruina.

Sr. Alcalde.-Os expedientes de ruina estanse a tramitar. Un dos propietarios recurriu a Patrimonio por mor da existencia dun escudo heráldico na edificación, e xa que logo, demorouse a tramitación.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

12.-Recurso Contencioso-Administrativo contra a MP n.º 8 anunciado no DOGA.-Fan algunha valoración ao respecto.

Resposta do Sr. Alcalde.-Personase a Xunta, que é quen a ten que facer, e o Concello, como afectado tamén se personará.

13.-Recurso de casación do T. Supremo n.º 7981 do 2022.-O Concello pagou a totalidade das costas cando e a pagar por ambosos contendientes.

Toma nota o Secretario accidental do n.º de recurso para a localización do decreto.

14.-Tivo coñecemento do abono de Sanción a Augas de Galicia.

Sen resposta.

15.-Recibimos queixas da veciñanza da Parroquia de Mato polos danos que se produciron na Capela do San Lucas, que levaron a cabo participantes na Festa da Empanada que se celebrou o Martes das Festas Patronais. Estes foron motivados pola falla de vixilancia dos corpos e forzas de seguridade; asimesmo houbo moita xente que obviou a utilización dos autobuses de transporte para acceder pola noite á vila, baixando a pe pola estrada sen a utilización de chaleco reflectante; habería que pensar en facer un itinerario peonil para evitar que haxa unha desgraza que é o que nos compete.

Sen resposta.

16.-Facturas reparadas.-Ascende o importe destas a 1 millón de euros no que levamos de 2023.-Non se cumpre a Lei de Contratos do Sector Público.

II.-Polo Concelleiro do PS de G-PSOE formuláronse as seguintes:

1.-Coincide no mal estado da pista de Randolfe co Concelleiro Sr. Fente Parada, incidindo na súa gravidade.

Sr. Alcalde.-Coincide tamén.-Tratará de proceder á súa reparación para que tire ata o ano que ven. Tamén hai outra nas mesmas condicións no lugar de Quinzán da Vila.

2.-Tamén fai alusión á Festa da Empanada e que habería que tomar medidas e organizar de xeito que se garante a seguridade.

Sr. Alcalde.-Primeiro felicita ao compañeiro de grupo municipal, en alusión ao Sr. Diéguez Carballo, polas festas. Non houbo percances que sulñar.-Adianta que se fará unha ordenanza para cumprimento de horarios, asentamento de barracas, etc. Informouse de que os últimos autocares eran ás 21:00 horas pero hai personas que non cumpren coas normas en uso das súas liberdades.

3.-Pincelo.-En alusión ás sancións da Confederación Hidrográfica e a dotación de traídas de auga, entende que os usuarios non teñen por que costear estes servizos.

Sr. Alcalde.-Os veciños tamén teñen que facer o que se lles dice.

O Sr. Alcalde informa aos Concelleiros sobre de que a convocatoria do Pleno Ordinario deste mes de setembro se retrasará posiblemente unha semana, por mor de ter tempo para a preparación de varios expedientes e asuntos que están en trámite.

Tra-lo tratamento da orde do día deuse por ramatada a sesión polo Sr. Alcalde cando son as vinte horas e corenta e catro minutos, de todo o cal eu, Secretario accidental, dou fé e certifico.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Vº e pr.
O Alcalde-Presidente

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

O Secretario accidental

Jesús Ledo Cores

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102

Cod. Validación: 4H7XLDKPX9KFXHXPDMRXMCDP
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

